

*Edita: Club Montañeiros Celtas.
Dirección: Xulio Troitiño Dapena
Coordinación: Xulio Troitiño Dapena - Deseño e maquetación: Enrique Soto
Traducción: Xulio Troitiño - Normalización lingüística: Enrique González Cameselle*

*Colaboran neste número: Marisa Núñez, Xulio Troitiño, Carmen Portabales, Elva, Nuria Quinteiro, Andrea Michèle,
Antonio Fernández, Gabriel Barros, José López Pérez (Sechu), Celso Gándara Carnero, Diego J. Moreira e as
seccións deportivas do club.*

Club Montañeiros Celtas non comparte, necesariamente, as opinións dos seus colaboradores.
Imprime: Garpe. Depósito Legal: VG:40-1998. Impreso en papel reciclado.

Subvencionado pola
Presidencia da Xunta
de Galicia.
Secretaría Xeral de
Política Lingüística.



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



Colabora
Concello de Vigo
- Área de
Participación
Cidadá



CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

Nº 90
XANEIRO - FEBREIRO 2008
Editado 18/01/08


VINDEIRAS ACTIVIDADES



MES	DÍA	LUGAR	ACTIVIDADE	ORGANIZA
XANEIRO	12	Local Social	Asemblea-Cea	S.D. Espeleoloxía
	19-20	Mondoñedo	Xornadas Técnica Vertical	S.D. Espeleoloxía
	20	Pontevedra	Saída Petrogrifos	S.D. Sendeirismo
	20	Baiona	Bici de montaña pola Serra da Grova	S.D. Bici de Montaña
	26	Local Social	Xornada de encerado e mantemento de esquis	S.D. Esquí
	26-27		Curso de Esquí de Travesía	FGM-EGAM
	26-27	Manzaneda	Achegamento á neve	S.D. Infantil
	27	Portugal	Sendeiro de Gavieira	S.D. Sendeirismo
	27	Manzaneda	Xornada de iniciación ao esquí de montaña	S.D. Esquí
	27	Ría de Vigo	Inmersión submarina	S.D. Subacuáticas
	31	Local Social	Festa de Antroido	S.D. Infantil
23/1-12/2	Chile	Saída Internacional Andes "Atacama-Ojos del Salado"	FGM	
FEBREIRO	3	Portugal	Sendeiro de Castelo Aboim	S.D. Sendeirismo
	2-3		Esquí de travesía pola Cordilleira Cantábrica	S.D. Esquí - FGM
	2-3		Curso de aproximación á montaña invernal	FGM-EGAM
	2-3		Curso de Escalada en xeo	FGM-EGAM
	9		Cea anual	S. Actividades Sociais
	9-10		Curso alpinismo-iniciación	FGM-EGAM
	16-17		Curso alpinismo-iniciación	FGM-EGAM
	17	Gondomar	Bici de montaña pola Serra do Galiñeiro	S.D. Bici de Montaña
	23-24	San Isidro	Esquí alpino	S.D. Esquí
	23-24	San Isidro	Actividade de corredores no Pico Torres	S.D. Escalada- S.D.Montaña
24	Ría de vigo	Inmersión submarina	S.D. Subacuáticas	

CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

- ♦ Avda. Camelias 78, Oficina K. 36211 - Vigo
- ♦ Apartado de Correos 1836. 36200 - Vigo
- ♦ Teléfono: 986 438 505 - Fax: 986 912 220
- ♦ Internet: www.celtas.net
- ♦ Correo electrónico: info@celtas.net
- ♦ Horario: 19.00 h - 21.30 h, de martes a venres



COMEZA A TEMPORADA DE NEVE!

Cada vez, aos que nos gusta a neve, o temos máis difícil, con isto do cambio climático. Este ano está sendo frío e seco e con moi pouca precipitación, isto é, sen neve, pero como a esperanza e o último que se perde seguro que cando leades este artigo imos ter neve dabondo. Así que aquí tendes as actividades programadas para o ano 2008.

- Sabado 26 de Xaneiro : Xornada de Encerado e Mantemento de Esquis.

No local social a partir das dez da mañá, faremos unha xornada de preparación do material de esquí de travesía.

- Domingo 27 de Xaneiro: Xornada de Iniciación ao Esquí de Travesía a Realizar en Manzaneda.

Dado que a cantidade de material de esquí que temos no Club é limitado, faremos unha xornada para practicar a colocación de peles de foca, ascensión con esquis e descenso, e tamén a utilización do ARVA. Actividade destinada a socios sen experiencia e interesados en achegarse ao esquí de Travesía, pero que xa teñan algún coñecemento do esquí en pista. O transporte será en vehículos particulares. A actividade iniciárase sobre as 10:00 da mañá na estación de esquí de Manzaneda.

- Domingo 27 de Xaneiro: Paseo con Raquetas de Neve a Realizar en Manzaneda

Simultaneamente coa anterior actividade, farase un paseo con raquetas de neve por Manzaneda, tendo en conta que este material non está pensado para salvar desniveis nin para andar en chans duros, por iso non se empregan para realizar ascensións de alta montaña. Os itinerarios para pasear con raquetas de neve teñen que ser relativamente lisos, e sempre nevados e doados de percorrer, como camiños ou pistas forestais. O Club porá a disposición dos socios as raquetas, e farase un percorrido posiblemente ata o cumio de Manzaneda. A actividade levarase a cabo ao mesmo tempo que a de esquí de travesía, tratando de coincidir no percorrido.

- Sábado 2 e Domingo 3 de Febreiro: IV

Percorrido de Esquí de Montaña. A Realizar no Cornón e Cueto de Arbás.

Actividade da FGM organizada por Club Montañeiros Celtas, para todos os Federados dos Clubs de Galicia que teñan experiencia en esquí de travesía. O transporte será vehículos particulares, ata o Campamento de Turismo Rural "El Guadeño" en Villablino. Dende alí farase un primeiro percorrido o sábado dende Lumajo ata o Cornón, cun horario estimado de 6 horas. O Domingo realizarase a Ascensión ao Cueto de Arbás, nunha ascensión estimada de 3 horas, retornando despois do xantar a Vigo.

- Sábado 23 de Febreiro e Domingo 24 de Febreiro: Xornada de Esquí en San Isidro León

Clásica saída anual de esquí alpino á estación de San Isidro. Sairase puntualmente o Venres ás 08:00 h fronte ao Club, chegando sobre a 1:00 da madrugada ao Albergue La Mina. O Club encargárase das reservas do albergue e forfait. O material poderase alugar na estación, e despois de dous días esquinando, sobre as 17:00 h iniciamos o retorno a Vigo.

- Sábado 1 e Domingo 2 de Marzo: Actividad de Esquí de Travesía en Quiros

Actividade de Esquí de travesía, dirixida a deportistas que teñan experiencia neste deporte, xa que ten unha dificultade medio-alta. A estancia será no Albergue Rural de Arrojo en Quiros Asturias (985-768209). Irase en vehículos particulares, con chegada o venres para durmir. A actividade máis importante será a do sábado de mañá cedo. Pola noite ceárase no albergue e o domingo se organizará outra actividade máis suave, para regresar a Vigo despois do xantar. Posibilidades de percorridos; Peña Rueda, a zona de Socellares, entre "Os Guertos do Dieblu e Trobaniellu"

Animádevos e participar.

A sección de Esquí

Neste número:

Temporada de neve	1
Axenda	2
Info Xeral Club	2
Actividades Sociais	2
VI Concurso Fotografía	4
Bici de Montaña	5
Sendeirismo	6
Calendario Actividades	8
Licenzas	10
Montañismo	11
Escalada	12
Actividades Subacuáticas	14
Infantil/ Juvenil	15
EspeleoSección	15
Vindeiras Actividades	16

AXENDA

DATA	LUGAR	TIPO DE EVENTO	PONENTE
18/01	Local social	Fotos das súas viaxes polo Ecuador e polo Perú	José Carlos e Ana
25/01	Local social	Iniciación á astronomía	Angel Currás
29/02	Local social	Constelacións de inverno e primavera	Pablo J. Martínez

FE DE ERRATAS

No boletín número 88, do pasado mes de outubro, no artigo que aparecía na portada titulado “VI Concurso de Fotografía. Dedicatoria a Chito Veiga”, aparecía un autor equivocado. O verdadeiro autor do texto foi Antonio Fernández Pena (Cholo).

ACTIVIDADES SOCIAIS



Magosto Social 10-11 Novembro 2007

Magosto e cogomelos

Esta foi unha combinación perfecta, e o día 10-11 de novembro puidemos probar estes exquisitos manxares. As nosas tradicionais castañas congregaron a socios do Club no Aloia o sábado pola noite, sumándose máis xente xa o domingo pola mañá, onde compartimos un paseo cos nosos amigos da Zarrota, que nos explicaron, cunhas estupendas clases maxistras, as características dos poucos cogomelos que puidemos recoller por mor do tempo tan seco que estamos tendo. Cara ao mediodía gozamos dun estupendo xantar a base de empanadas de cogomelos e o “caldo de meigas”, que resultou todo un éxito e do que todos recuncamos. Moitas felicitacións a Angelines, que exerceu de cociñeira para todos nós. As castañas, logo do xantar, foron a sobremesa perfecta.

M.N.

FESTA DE NADAL 21 Decembro 2007

O pasado día 21 de decembro o noso local social acolleu aos numerosos socios que quixeron acercarse para compartir charlas e compañía, aproveitando as datas do Nadal para repartir felices desexos entre todos os nosos amig@s.

Antes de comezar a dar conta das viandas das que se dispuxeron, entregáronse os diplomas e premios aos gañadores das distintas categorías do Concurso de Montaña.

Logo, todo o mundo deu boa conta dos pinchos, que seica estaban bos, porque non duraron moito tempo. E para rematar, un pouco de música de acordeón que disque é moi dixestiva (e máis se vai acompañada dunhas pezas). **Xulio Troitiño**



Club Montañeiros Celtas

INFANTIL - XUVENIL

Celebración dos 40 anos da Operación Benxamín 30 Novembro 2007

Como tiñamos programado, celebráronse os 40 anos da Operación Benxamín, o día 30 de novembro no local social. Alí xuntáronse caras coñecidas que xa levaban tempo sen visitar o local. Foi unha boa desculpa. Houbo saúdo de Fernando como presi, ¡o protocolo é o protocolo!, houbo pinchos, houbo proxección de fotos dende o ano “do esquecemento para algúns”... estaban Chito, Antonio, Ángele, Juani, ... e moitas máis caras entrañables. Revivíronse anécdotos do pasado, lembráronse persoas que hai corenta anos non tiñan a mesma cara que hoxe, viuse a través da proxección como algún participante pasou de

nenos a monitor, ... en definitiva: gozouse do momento e da compañía.

Grazas a Cris e Maite pola súa colaboración.

A sección

¡Que vos pasa nenos e nenas, rapaces e rapazas, mozos e mozas, que no tendes ánimos para saír a montaña, e non enchemos un autobús, e non temos coches para levarvos, ... e facémonos maiores sen ir á montaña!

Estamos preparando unhas actividades bonitísimas para o ano que vén, si, para o 2008, non podeis faltar, porque despois xa sodes un ano maiores e xa non é o mesmo, xa pasou a idade de ir ás actividades do 2008, ¡Esperámoste!

A sección

ESPELEOSECCIÓN

VII CAMPAMENTO GALEGO EXTRATERRITORIAL FGE-GES CELTAS Arrimal Porto de Mós (Portugal) 6-9 Decembro 2007

Un ano máis, tirando desa recia corda, dispuxémonos a organizar unha segunda actividade do calendario oficial da Federación. Escollemos o noso país veciño para facer unha incursión no seu mundo subterráneo. A pesares da escasa participación por parte doutros clubs galegos, a actividade cumpriu cos obxectivos que tiñamos. Puxemos a disposición dos participantes a información precisa das covas, a súa localización e incluso a súa instalación. Divididos en varios grupos visitáronse ao longo destes días diversas cavidades da zona do Parque Natural das Serras de Mira do Aire e Candeeiros, macizo calcáreo por excelencia do territorio portugués. Tales cavidades foron o Algar da Arroiteia, Algar da Sao Jorge, Algar da Sardónica e Marradinhas II e o tempo non dou para máis, que moito había.

Por parte do noso club participaron Lourdes C., Emilio B., Carolina R., Daniel B., Óscar Q., Eugenia C., Fátima F., Antón G., Brais P., e Alberto F. Tamén participaron membros do Espeleo Club Rei Cintolo de Mondoñedo (Lugo) e do GES Ártabros (A Coruña).

Agradecemos ao GPS (Grupo de Protección da Serra do Sicó) a colaboración prestada para poder organizar este campamento, aínda que tivemos mágoa de non poder contar con eles como participantes.

A Sección

VINDEIRAS ACTIVIDADES ESPELEOLOXÍA:

12 xaneiro 2008: Asemblea e Cea da Sección.
19-20 xaneiro 2008: Xornadas de Vertical en Mondoñedo. Vai preparando o material para empezar o ano colgado como un morcego!!!



ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS

Inmersión en Monteferro 18 Novembro 2007

O día amañeceu frío, pero a emoción de poder baixar ao Ybis facía que Óscar, Diego, Carmen e Celso non pensáramos na temperatura da viaxe de volta. Para moitos compañeiros de Celtas era o primeiro pecio que íamos visitar. Dicer que o Ybis era un cargueiro que transportaba mineral de ferro, e que nunha noite de temporal de 1976, encaiou nos baixos que rodean as Illas Estelas, enfronte a Monteferro.

Chegamos ao punto de inmersión sobre as 12:00 da mañá, por un momento pensamos que non poderíamos baixar xa que o GPS non recibía sinal de forma continua. Finalmente Neptuno axudounos e logramos a posición adecuada para caer ao lado do propio pecio. Fomos baixando polo cabo da áncora ata aproximadamente 18 metros e tomamos dirección suroeste. A visibilidade era bastante boa polo que pronto nolo encontramos. O pecio atópase bastante deteriorado, foi desguazado na súa maior parte, aínda que é posible visitar algunhas das súas adegas. Fomos bordeando a adega e encontrámonos con moita vida, destacando un banco de serranos. Despois situámonos no acceso a adega e fomos entrando cerca de 15-20 metros no interior seguindo uns raís. A visibilidade era moito menor debido a ausencia de luz solar polo que empregamos os focos. Cando saímos da adega tiñamos as aletas todas de cor laranxa do óxido existente.

Despois dimos xa outra volta arredor da adega, primeiro polo fondo e despois pola parte de arriba, onde realizamos unha operación de salvamento dun serrano que se enganchara nun anaco de rede. Comezamos o ascenso e fixemos a correspondente parada de seguridade. Xa estando en superficie, Ángel avisounos que a áncora non subía, quedara enganchada, por tanto outra vez para abaixo; desenganchámola e subimos novamente. Agora si rumbo para Vigo, contentos, con fame e co sabor doce no padal do licor café que tomamos para quentar o corpo.

Celso Gándara Carnero



Inmersión na Ría de Vigo 28 Outubro 2007

Quedamos ás 9 da mañá no Real Club Náutico de Vigo para iniciar a inmersión. Non era demasiado cedo, tendo en conta que tiñamos o cambio de hora a favor, aínda que alguén esqueceu o equipo na casa e unhas galletas que logo se botaron en falta.

O día estaba moi despexado, e había gañas de facer a inmersión. Alí atopábanse Óscar, Silvia mais outros compañeiros. Dirección, zona dos Salaiños.

A primeira impresión ao entrar na auga era boa, pero moito mellor ao meter a cabeza e observar o fondo. Ou eu estaba moi equivocado, ou dende a superficie víase o fondo. Víase moi ben!. Vaia clareo!. Era a primeira

vez que vía tanta claridade na Ría de Vigo.

Gozamos moito alí embaixo. Non chegamos a encontrar os canóns afundidos que andabamos a procurar, pero entre as rochas, vimos moitos peixes, esponxas e estrelas de cores moi rechamantes. Tal era a claridade que chegamos a descubrir ata 3 polbos tratando de mesturárense co fondo.

O regreso ao náutico amenizouse moito contando as nosas impresións sobre o vivido, comendo unhas galletas e uns croissants ben ricos e acompañándoos dunha bebida de laranxa moi especial.

Unha boa xornada de mergullo.

Diego J. Moreira



Alberto Fontenla

NOTA INFORMATIVA: CAMBIO DE RESPONSABLE DA SECCIÓN DE SUBACUÁTICAS

O compañeiro Óscar Quiñones Prado faise cargo da Sección Deportiva de Subacuáticas do Club Montañeiros Celtas, relevando no posto a Alberto Fontenla, quen ten que deixar, esperemos que temporalmente, as súas responsabilidades no club debido a unha partida temporal ao estranxeiro.

Grazas Alberto polo traballo feito polo club e ata pronto!



Óscar Quiñones Prado

ACTIVIDADES SOCIAIS

5ª EDICIÓN CONCURSO DE MONTAÑA

Un ano máis rematou o recuperado concurso de montaña na súa 5ª edición. Comezou moita xente pero foron poucos os persistentes. Estes son os socios que o acadaron.

Club montañeiros Celtas
E no seu nome o seu presidente concede

O Título de "Montañeira Excelsior" a **Marisa Núñez Suárez**

O Título de "Montañeiro de 1ª Categoría" a **Juan Carlos Morais Matos**

O Título de "Montañeir@s de 2ª Categoría" a **Concepción Silva Veiga**
Jose Lucrecio Álvarez Pousa
Victor Revenga Lara

O Título de "Montañeir@s de 3ª Categoría" a **Roberto Arjones Vázquez**
Xabier Balado García
Mónica Martínez García

polos méritos adquiridos no CONCURSO DE MONTAÑAS 2007

Vigo, 22 de decembro de 2007
O presidente

Lembrede que para presentarse a unha categoría hai que estar en posesión da categoría inmediatamente anterior, que puntuará un único cumio por día, e como mínimo cada candidato terá que participar nunha marcha do Calendario Oficial do Club ou da Federación.

As BASES completas podes atopar no Boletín nº 76 de xaneiro 2006.

Nas oficinas e na nosa páxina web tedes os modelos de impresos para cubrir os partes de monte correspondentes que enviaredes ao Club para o seguimento. ¡ESPERAMOS A VOSA PARTICIPACIÓN!

CEA 66 ANIVERSARIO



Menú
Aperitivo variado
Vieiras ao Gratén
Entrecot á prancha
Torta de xema queimada
Cafés e licores

A continuación da cea, chega o momento da entrega de medallas, que serán par os que fan 50 e 25 anos de asociados.

Tamén está invitado o compañeiro **Rogelio Martínez Otero**, como autor da mellor foto de socio no VI Concurso de Fotografía de Montaña.

Haberá animación musical!

HOTEL COIA
Rúa Sanxenxo, 1. Vigo
Aparcadoiro gratuito
9 de febreiro, ás 21:30 h

Homenaxeados
Con 50 anos no club
Ávaro López Castro
Guillermo Fereiro Rosendo
Leonisa Álvarez Ferreiro
Adriano Táboas Abal
Con 25 anos no club
María Cristina López Carballal
Ana María Pérez Rodríguez
Ana María Lorens Gil
Carlos Prado Grobas
Roberto Argones Vázquez
Josefina Aguilar Laso

Xa vos podedes anotar na lista, por favor antes do 7 de febreiro
Prezo: 28 euros

VI CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DE MONTAÑA







O pasado día 21 de decembro tivo lugar, nos sotos da casa do libro, o acto de homenaxe ao noso compañeiro Chito Veiga, así como a entrega dos premios aos gañadores do VI concurso de fotografía.



Asistentes o acto de entrega de premios

Homenaxeado e membros da organización



Título da Foto	Nome e Apelidos do autor	Procedencia do autor	Premio	Patrocinador	Importe do premio
IRAULE	IOSU GARAI IBABE	LEGAZPI GIPUZKOA	Primeiro		1200 €
CABALGANDO	MIGUEL SOTOMAYOR CASTELLÓ	MONCADA VALENCIA	Segundo		600 €
NATURALEZA VERTICAL	J MARCOS RODRÍGUEZ GONZÁLEZ	VIGO	Escañada e Alpinismo		300 €
EL MITO DE LA CAVERNA	PABLO GÓMEZ GUTIÉRREZ	RAMALES DE LA VICTORIA CANTABRIA	Espeleoloxía e descenso de barrancos		300 €
VALLE DE LA MUERTE	SANTIAGO URQUIJO ZAMORA	OLEIROS A CORUÑA	Accésit		150 €
MACHO MONTÉS	ROBERTO HERNÁNDEZ	YUSTOS VALLADOLID	Mellor foto votada polo público		Lote de libros de gran formato (valorado en 150€)
ECO ÓPTICO	ROGELIO MARTÍNEZ OTERO	VIGO	Mellor Foto dun socio do Club (votada polo público entre as 40 finalistas)		Fin de semana en San Isidro con curso de esquí incluído

ESCALADA

A que asistiron, entre os convocados previamente, os seguintes: a) Pola FGM: Director da Escola Galega de Alta Montaña (EGAM) e dous membros do seu Comité Técnico, e o Vogal de Infraestruturas e Equipamentos de Escalada da FGM. b) Representantes dos seguintes clubs: Club Montañeiros Celtas, Club Peña Trevinca M.G., Club de Montaña Serra do Suído, Club Montañeiros de Pontevedra, Club de Montaña e Escalada Acimut, Club de Montaña Niño do Corvo e Grupo de Montaña Alud. c) Polos Escaladores: 4 Representantes dos promotores da Proposta e outros 2 escaladores invitados pola súa experiencia e coñecemento de Faro Budiño. d) Exerceu como coordinador da reunión o Director Técnico da FGM.

Do exposto na reunión pódense obter as seguintes conclusións:

1º.- Criterios básicos do Comité: 1.- Garantir a seguridade das vías. 2.- Velar por todos os estilos de escalada presentes. 3.- Respetar certo carácter histórico dalgúns vías. 4.- As decisións técnicas as deben de tomar persoal federativo cualificado.

2º.- Funcións do Comité: 1.- Establecer un Decálogo de obxectivos, para que o Comité goce de certa confianza dos escaladores. 2.- Establecer un Criterio de actuación. 3.- Ter un vínculo directo coa FGM se os membros non forman parte dos seus órganos, co fin de dar maior seriedade e credibilidade. 4.- Establecer o seu funcionamento interno. 5.- Creación dun informe do estado actual das “vías clásicas” de Faro de Budiño, o contido do seu equipamento, estado de limpeza e outras observacións. 6.- Regulación de calquera acción que se pretenda levar a cabo nesas vías, equipamentos e requipamentos; de cara a manter a personalidade de cada vía cun criterio respectuoso de cara ao seu mantemento, segundo a súa historia, evolución e posibilidades. 7.- Estudar as propostas que se presenten e decidir a súa viabilidade. Con esta idea, se un escalador ten intención de recuperar unha vía e os seus equipamentos, ten que presentar un proxecto explicativo coas accións que se pretenden realizar, e disporá de asesoramento técnico federativo se o Comité decide que o proxecto é viable. 8.- Evitar situacións de abandono das vías existentes. 9.- Decidir como actuar ante vías novas. 10.- Resolver aspectos como financiamento das actuacións, quen farán os traballos necesarios de mantemento... 11.- Decidir outras funcións do Comité.

3º.- Toma de decisións. Falouse de someter as decisións do Comité a un período de alegacións, pero que isto sería entrar en posibles bailes de alegacións e contraalegacións que non beneficiarían en nada o proceso, ademais restaríase confianza nas decisións do Comité. Establécese por tanto que as decisións do Comité serán inapelables.

4º.- Control ao Comité. Establécese que a substitución de membros da actual composición pode ser solicitada por calquera dos membros da Asemblea Xeral da FGM (deportistas, técnicos, xuíces e Clubs), na súa reunión anual ordinaria, sendo esta Asemblea quen tomará a decisión correspondente. Ao inicio de cada período de mandato ao fronte da FGM (eleccións cada 4 anos), efectuarase unha nova convocatoria para a renovación dos membros do Comité.


Para a designación dos membros do Comité, relacionáronse como axeitadas as seguintes pautas: que estean

representadas as distintas disciplinas de escalada presentes en Faro Budiño; que haxa variedade de opinións; que os seus membros teñan experiencia en Faro Budiño, con capacidade de xuízo e sexan escaladores “en activo”(conveniente que coñezan as tendencias noutras zonas de escalada, para ter en conta como solucionan os problemas noutros sitios); que o número de membros fose de 6 e que todos os membros deben estar federados, por ser un Comité federativo.

Na busca deses 6 membros, os presentes na reunión foron propoñendo nomes, e despois do autodescarte de varios deles (por non querer pertencer ao Comité), chegouse a unha lista con 9 nomes. Para a elección dos membros do Comité, cada un dos relacionados na lista de asistentes, podía votar ata un máximo de 6 persoas de entre os 9 da lista. Como resultado da votación foron elixidos 7 membros, xa que houbo un empate no número de votos para a sexta praza, sendo os seguintes: Luis Solla, Amalia Carril, Carlos Mariño, Miguel Seoane, José Antonio Villar, Gustavo Vázquez e José Juan Domínguez. Na primeira reunión do Comité decidiron seguir manténdose como membros os sete elixidos.

O apoio de todos os escaladores, especialmente dos locais, aos membros do Comité na súa labor e o respecto a decisións que se tomen é fundamental para acadar uns obxectivos en beneficio dos escaladores, do deporte da escalada en todos os seus estilos e dunha das mellores zonas de escalada de Galicia, Faro Budiño.

Sechu



Luis Solla en Budiño, abrindo unha nova vía en autoprotección

Xornada de Iniciación á Escalada en Galiñeiro.

Domingo 16 de Setembro de 2007

Dende o club partimos un reducido grupo rumbo ao Galiñeiro. Esperábanos unha xornada de escalada interesante, especialmente para os que somos iniciados no mundo vertical. Pero de camiño a chuvia comezou caer con certa constancia e todas as nosas expectativas parecían virse abaixo. Mentres tomabamos algo no Bugus os guías optaban por anular a escalada, só ían subir a recoller aos que estaban no refuxio esperando. Houbo alguén que opinou con certa mofa que ao mellor isto era só unha nube pasaxeira, que sopraría vento do sur e sairía un sol radiante que secaría a rocha e poderíamos escalar... ¿Era unha broma? Non o sei. O certo é que ao chegar ao refuxio a pista de acceso estaba case seca. Así que nos preparamos para ascender ao pé da parede. Pero antes había que expulsar unha "inquilina" que se apoderou do refuxio e impediu o acceso aos rapaces: unha serpe que con malo leite tivo que volver ao seu lugar entre as matogueiras. Gran cariño gardáronlle os que non puideron durmir esa noite no refuxio... Repartiuse o material que necesitabamos os 9 e subimos arredor das 11:00 a.m.

Como todos tiveramos algunha experiencia anterior, decidiuse que de "xornada de iniciación" nada, así que pasamos á parede da Escola de Escalada nas abas do Galiñeiro con ganas de enfrontarnos a novos desafíos. De todos os xeitos uns momentos de teoría para repasar detalles servíronnos para refrescar a memoria sobre os conceptos básicos de seguridade e a forma correcta de facer as cousas. Ante a atenta mirada dos monitores fomos colocándonos os arneses, pés de gato, mosquetóns... E logo eles comezaron a trepar pola parede sinalando algúns puntos complicados nos que tiñamos



que estar alerta. A rocha estaba perfecta para escalar. Para empezar instaláronse 3 cordas, e fomos pasando por todas as vías. A que máis me gustou foi a que está á esquerda dunha fisura que corta a parede case de arriba abaixo. Algúns experimentaron o que é subir de primeiro de cordada, dependendo dun mesmo na colocación das fitas express, sendo asegurados perfectamente. Aínda que sen dúbida a escalada é un deleite cando se fai ante a paisaxe como a que nos rodeaba, a nosa atención centrábase case exclusivamente na mellor suxeición á rocha para superar pouco a pouco o desnivel. Dende arriba a caída impresionaba.

Pasado o mediodía fomos cara á dereita onde se atopan algunhas vías con algo de complicación nos primeiros pasos, onde houbo que demostrar maior concentración e destrezas. Chao, Fernando e Jaime manifestaron a súa técnica e experiencia. Ao final tivemos un tempo estupendo e puidemos gozar da escalada.

Gabriel Barros

Comité de Regulación da Escalada en Faro Budiño

Na reunión de escaladores celebrada en Vigo o 25 de outubro de 2007, entre representantes da FGM (4), dos Clubs (7) e dos escaladores (6), formouse o Comité de Regulación da Escalada en Faro Budiño.

A necesidade dunha Regulación da escalada en Budiño xa ven de fai uns anos, pero no 2007 un grupo de escaladores presentou na FGM unha proposta de "reequipación e acondicionamento das Vías clásicas de Faro Budiño", que demos en chamar "Proposta". Ante a polémica que suscitou, a FGM e de acordo cos promotores da Proposta, convocou unha reunión para debater a situación e intentar consensuar uns criterios básicos para a conservación das vías de escalada. A esta reunión que se celebrou o 11 de maio de 2007, asistiron representantes da Proposta, de Clubs, da

FGM e EGAM, así como todos os particulares interesados, xa que era de libre asistencia; do falado hai un documento que recolle extensamente as distintas opinións expresadas (este documento e outros relativos a este asunto pódense consultar na web da FGM: www.fgmontanismo.com). Dende a celebración da reunión de maio, ata setembro, non se efectuou ningunha actuación nas vías existentes en Faro Budiño, á espera dunha negociación do conflito. Tras conversacións posteriores sen acordo, decidiuse que a vía correcta é o Comité como así quedou patente na reunión do 11 de maio, onde a opinión maioritaria foi que un Comité pode ser o mellor instrumento para acadar unha solución ao conflito actual e contribuir a ter unha boa organización e regulación da escalada en Budiño. Por iso, a FGM decidiu o 2 de outubro a creación do Comité e coa intención de acadar un amplo consenso na súa formación, funcións e toma de decisións, convocou a reunión do 25 de outubro,

Subida ao coto de Eiras en bici de montaña

21 outubro 2007

O día era fabuloso para a práctica do BTT. Unha fermosa mañá de outono con sol e unha temperatura moi agradable. Dende logo este ano estivo un pouco raro: chuvias e tempo revoltó no verán e tempo seco con temperaturas agradables no outono. Será isto o cambio climático que tanto anuncian pola tele?.

Con este panorama, non é de estrañar que esta fose unha das saídas máis numerosas que se fixeron dende a actual sección de bicicleta de montaña do club. E todo grazas a un numerosísimo grupo que se achegou dende Redondela (parece que hai moita canteira por aquelas terras), así como a un non menos numeroso que o fixo dende Vigo e arredores. Tamén é certo que nesta saída os de Redondela "xogaban na casa", por así dicilo, pois había que ir ata Fornelos de Montes e moitos deles xa coñecían o itinerario. De feito, foi Carlos Rodríguez o que nos serviu de guía por aquelas paraxes.

A saída tomámola na Praza da Igrexa do núcleo de Fornelos, e dende alí collemos cara ao cemiterio, non porque estivese preto o día de defuntos, senón porque por alí comezaba un camiño que subía cara ao Coto de Eiras. Este camiño non estaba en moi bo estado, pero esta foi a tónica de toda a

ascensión, pois os lumes do ano anterior asolagaran case que todo o monte polo que íamos subindo e, xunto coa auga caída no inverno anterior, fixeron auténticos estragos na natureza da zona. Unha verdadeira mágoa, porque o monte ten unhas vistas fermosísimas que abarcan unha extensión fastosa, de tal xeito que en días claros se pode ver a Ría de Vigo dende o seu cumio.

Co grupo estiradísimo, pois hai que ver en que boa forma estaban algúns dos redondeláns, subimos por aqueles camiños, facendo reagrupamento no cumio para descansar e comer algo, así como para tomar unhas fotos.

A baixada foi rápida, pois o camiño permitía coller velocidade, pero tampouco había que desmadrarse moito, que os buratos estaban aí e, como te despistases un chisco, podías ir ao chan. E así fomos chegando a Traspieles, onde tivemos que coller un pouco de asfalto e ademais en subida, por senón chegaba co que xa subíramos!. Pero logo se rematou e volvemos retomar o camiño que levaba ao camposanto, para acabar outra vez onde se iniciara o percorrido, en Fornelos de Montes.

En definitiva, foron máis de tres horas enriba da bicicleta, subindo un desnivel de máis de 500 metros (o Coto de Eiras está en torno aos 900 metros de altitude), cun grupo de xente fabuloso e un día inmemorable.

Xulio Troitiño

Bici de montaña polo sendeiro panorámico de Vigo, 2 decembro 2007

A saída era de iniciación á bici de montaña e polo tanto non ía ser dura, pero tampouco branda de todo, que somos un club de montaña serio!.

Como tal saída de iniciación, empezamos cun pouco de teoría: como reparar un pinchazo. E que non digan que foi moi rápido e non puideron coller o truquiño, porque se repetiu ata tres veces!.

Despois do cal, ala a dar pedaladas, que isto da bici é moi doado: un pé acompaña ao outro e a golpe de ril xa estás arriba. Claro está que con algunhas paradas técnicas polo medio, que tampouco había tanta présa. Pero ao chegar arriba, un pouco de terreo chan, para non esquecer que isto era unha saída de iniciación. Pois si, estabamos nos montes de Coruxo, cun día fabuloso e unhas vistas maravillosas. Un día redondo.

Pero a partir de aquí os acontecementos precipitáronse un chisco. Esta saída era moi curta e a xente estaba quente e



quería máis. Había que subir máis. Algúns porque querían darlle caña ao corpo, que aínda non romperan a suar; e outros porque estaban pensando na baixada, que por alí estaba o circuito do campionato do mundo de descenso e algún xa se lle facía a boca auga.

Pois así foi, subimos aínda máis, atopándonos con Cristina Alonso, que por malos entendidos, tomara a saída dende outra Igrexa, e chegamos a un punto no que había que tomar unha decisión, pois había múltiples opcións. Uns optaron por baixar facendo o kamikaze, outros de "tranquis" por onde subíramos e o meu grupiño decidimos baixar ata Chandebrito. Esta non era a baixada do campionato do mundo, pero a do subcampionato si.

Xa co grupo totalmente disgregado, emprendemos a volta cara aos coches, que estaban na praia do Vao, pois xa ía chegando a hora da comida e, quen máis, quen menos, tiña xente esperándoos.

Xulio Troitiño



VIII etapa Camiño de Santiago Vía da Prata: Cea-Botos 21 Outubro 2007

Unha nova etapa do camiño, e esta vez vou de responsable do grupo, espero cheguemos todos sans e salvos se non Cris márame. Penso que sería agradable levar unha axudante, chamo a Oli quen, coma sempre, amósase disposta. Grazas Oli.

Todo comeza coa loxística, decidir por onde imos ata Cea e onde deixamos os coches, eu comento que penso que a etapa completa ata Botos será longa e que si queren podemos acurtala, pero a xente parece disposta a camiñar os 30 km previstos así que adiante.

Chegamos a Cea e mentres que uns toman café os condutores levamos os coches ao punto onde temos que chegar e de novo a Cea, entre pitos e frautas son as 11 da mañá, xa é hora de emprender a marcha que temos unha longa xornada por diante.

IX Etapa Camiño de Santiago Vía da Prata: Botos-Besteiro. 15 Novembro 2007

Sáímos un reducido grupo en tres coches dende o Club ás oito da mañá; para desprazarnos a Botos. A mañá preséntase

espléndida: totalmente despexada, cunha nitidez total, agás unha nube que de forma caprichosa se situaba na parte do nacente para ser iluminada, igual que a lúa chea, polo astro rei; este aínda escondido, reflectindo a primeira infinidade de cores.

Sobre as once, co día xa plenamente primaveral comezamos o percorrido, a maioría por calzadas sombreadas por unha serie de caducifolios, salientando cantidade de auténticas "carballeiras". Sen parar de conversar, gozamos do lindo da andaina; parando a tomar o bocadillo, nun de tantos atractivos prados, o cal sabía a percebe e lagosta. Continuamos a marcha, tomando un café en Bandeira, e atopándonos tan sobrados, que fixemos uns



X etapa Camiño de Santiago Vía da Prata: Besteiro-Santiago 16 Decembro 2007

Por fin chegamos á última etapa dun camiño que empezamos en Maio de 2005. Lamentablemente dos 26 que empezamos só conseguimos rematar a metade, quizais por non facelo tan seguido como nos gustase.

Os 13 participantes tivémonos que buscar a vida, e ás 8:30 saíamos dende a estación de autobuses con destino Santiago, para alí enlazar co bus que saía para Ourense ás 10:00 da mañá. O condutor parou diante do restaurante "O EMIGRANTE", onde finalizáramos a etapa anterior. A

O ánimo do grupo é excelente e entre conversas, comentarios e algunha anécdota que outra e sempre atentos as frechas amarelas chegamos ao mosteiro de Oseira. Amósase inmenso nun entorno espectacular e trala foto e un pequeno tentempié continuamos camiño cara o noso destino.

Toca comer, que ledicia, xa sabedes o ben que entra ese bocata sentados a beira do camiño tras unha boa pateada. Veña, en marcha que aínda temos máis da metade do traballo sen facer!

Seguimos cara á única poboación un pouco grande, e dicir con bar, que imos atopar en toda a xornada e onde Alberto aproveita para selar a credencial e xa caendo o día, preto das oito da tarde chegamos a Botos.

Parabéns a todo grupo, a xornada rematou sendo de case 34 km e nin unha queixa, e iso que tiñamos incluso alguén que estreaba botas e chegou cos pés desfeitiños.

Nuria Quinteiro

quilómetros de máis da etapa preestablecida. Unha xornada para recordar: excelente compañía, vexetación (case toda autóctona), climatoloxía etc. Benvinda á compañeira nova, que aparte de boa persoa, é moi boa sendeirista.

Antonio Fernández

partir de aquí tiñamos 27 km por diante.

O día era moi frío pero soleado, perfecto para camiñar. Atopámonos cuns campos xeados que contrastaban co azul do ceo e cun sol radiante que nos acompañou ata o final.

Non vou describir a etapa, só contar que o pasamos moi ben, que gozamos dos bosques e da paisaxe.

Á chegada tomamos un chocolate con churros, delicioso, e aquí despedímonos xa que algúns regresaron en bus, outros en tren, e outros fomos á misa do peregrino ás 18:00 h, regresando no tren das 19:40 h.

Damos as grazas a Cristina que fixo posible a culminación deste camiño.

ELVA

Travesía outonal Serra de Ponga 12-14 outubro 2007

¡Que frío cando baixamos do autobús! Este, deixounos na aldea de Uña, onde comezamos subindo por un sendeiro algo xeado. Avanzabamos todos xuntos, os que fariamos a travesía e os que volverían durmir ao albergue de Maraña.

A paisaxe era espectacular e merecía a pena parar de cando en vez. Mirar cara a atrás. O mar de nubes pouco a pouco permitíanos contemplar o Mampodre, montaña coñecida por moitos, xa que estivemos noutra saída organizada polo club.

Os coñecedores de cogomelos axudaban na identificación da numerosa variedade que víamos ás marxes do camiño. Tampouco nos deixaron de acompañar durante todo o traxecto as flores de outono.

Chegamos ao porto da "Fonfría" e seguimos cara ao prado. Dende aquí mirábase o "Peña Ten" a onde tocaba subir. Buff! Con paciencia, pasiño a pasiño, imos collendo altura cristeando a montaña ata chegar ao punto máis alto, 2.142 metros. Temos un tempo estupendo e míranse as montañas a quilómetros á redonda. Mesmo da zona de Picos de Europa, onde estaba outro grupo do club.

Agora chegaba a baixada algo empinada e non tan divertida para os meus xeonllos.

Unha vez abaixo esperaba a recompensa. Era a hora de xantar. Aquí separámonos. Un grupo volvía ao albergue e o outro iamos en busca do lugar para pasar a noite.

Pasamos polo porto de "Ventaniella" e seguimos baixando por un fermoso bosque ata chegar ao Casarío e Ermida de Ventaniella. Eu ía das últimas e a medida que baixaba mirábanse mellor as vacas, os porcos, as galiñas, eh... a un dos do grupo cunha cervexa na man. ¡Pero que é isto!. No casarío, había un bar e ademais daban comidas e durmida tamén. Pero eu tiña entendido que cando se fai travesía non se pode ter contacto coa civilización, je, je, je. Polo menos,

Travesía de Bivaque en Val de Quirós 2-3 Novembro 2007

O Venres 2 de novembro, co resto do grupo, saímos do bus once compañeiras e compañeiros por camiños, pasteiros, faiales e pedreiras de difícil acceso en forte pendente ata o Pena Roda (2152), onde tomamos un merecido descanso, mentres nos reagrupabamos. Entre este e o cordal, continuación dos Oubiñas, divisamos un val: amplo, suave, pleno de acivros; cun verdor impresionante, o cal deixounos pampas. Despois de comer xunto a unhas brañas, guiados maxistralmente por Garrido, comezamos, xa o reducido grupo, a travesía polo húmido pasteiro cruzando os interminables meandros. Divisamos unha ampla braña, construída pola "Nai Natureza" a base de acivros, con entrada e saída ao oco, onde se resgarda o gando, ¡auténtica!. Con moito respecto, comezamos a subida ao cordal, seguindo un sendeiro ao longo dunha ancha canle; para logo seguir lonxitudinalmente o impresionante corte vertical do cristeo. Despois de ascender de novo; chegamos a un outeiro, onde por arte de maxia, aparece un gran pasteiro nunha abrigada depresión; para co solpor instalarnos. Ás oito e media da mañá xa estamos a atacar o Pachón (2097), de moi difícil acceso; seguindo o macizo cara ao Norte, sen perdermos de vista o val do día anterior.

e tras refrescarnos, continuamos coa aventura en busca dun sitio para durmir.

Tardamos un pouquiño en cruzar un río, e despois subimos polo bosque ata unha zona perfecta para durmir: un extenso prado con cabalos e todo. Pola noite escoitábanse as chocas dos cabalos pero tamén a berrea dos rebezos. A noite estivo despexada e os que vivaquearon gozaron dun ceo estrelado. Amanecemos con Parabéns, parabéns a Augusto.

Comezamos subindo entre as árbores, cunha boa parede a un lado, ata unha zona máis despexada. A calor xa apertaba e paramos para gardar os forros. Vimos rebecos ao lonxe, entre as rochas, e choias. Despois dunha boa subida paramos nun collado e estudamos as posibles alternativas. Ao final optamos polo fermoso bosque, pero primeiro había que baixar por unha ladeira empedrada. Neste momento ía eu primeira e tiven a oportunidade de ver moi de preto aos rebecos. Un, ata quedou quedo moito tempo, a uns metros de min.

Ao rematar a pedreira introducímonos no bosque. ¡Que chulada! Aquí si parece que estamos en outono: as follas das árbores comezan a poñerse vermellas, algunhas caídas no chan, ule a setas...

Ao chegar ao collado, aproveitamos para comer. As vistas seguen sendo fermosísimas.

Toca outra baixada por unha ladeira norte, na que quedaron restos de xeada e con herba esvaradía. Outra tunda para os xeonllos. Algúns escapamos un pouco pasando polas rochas.

Unha vez no collado de "Lagos" tivemos que pensar que facer. Fixérase algo tarde e non tiñamos auga, así que optamos por baixar cara á aldea máis próxima chamado Pendones. Fixémolo polo cordal que leva o mesmo nome.

Estivo moi ben a travesía, graciñas Alberto. Gozámola moito e máis aínda a auga da fonte de Pendones e a sidra agasallo do "cumpleaneiro".

Andrea Michèle

Despois do Ranchón (2155), cruzamos cara ao Porto da Ventá: onde a uns dous quilómetros aparece unha "fonte gloriosa", para comer e recuperar o nivel hídrico. Baixamos á "civilización" por un camiño sombreado, no medio duns bosques de soño; dando por finalizada a travesía sobre as seis da tarde.

Destacar o esforzo que supón cargar dúas xornadas con mochilas pesadas. Todos os compoñentes estiveron magníficos; pero voume permitir un "urra" polas que pertencen ao mal chamado sexo débil: que en poucos anos, despois dun sometemento feroz de toda a súa existencia; tiveron a valentía de situarse case onde lle corresponde na sociedade. Xustificando o dito: compañeiras, despois do esforzo da xornada, aínda lle quedaban forzas e humor para brindarnos no campamento: unha serie de cánticos, bailes e exercicios ximnásticos na escuridade. A miña retina manterá para sempre a imaxe do movemento da luz dos frontais, observados dende o balcón do luxoso hotel de millóns de estrelas; no cal tiven a dita de pasar a noite. Aparte da autenticidade da travesía: tempo, paisaxe, bo ambiente etc.; eu tiven a sorte de nacer un catro de Novembro, polo que fun obsequiado con cánticos, felicitacións e o cariño de todos, ao termo da aventura.

Antonio Fernández

LICENZAS 2008

LICENZAS MONTAÑISMO (FGM)							
COMPANÍA ASEGURADORA : MUTUALIDAD GENERAL DEPORTIVA							
MODALIDADE	A	B-1	B-2	B-3			
AMBITO XEOGRÁFICO	ESPAÑA	ESPAÑA	EUROPA-MARROCOS	TODO O MUNDO	Disciplinas Aseguradas Montañismo, Sendeirismo e Escalada. * As modalidades A e B1 diferéncianse na cobertura sanitaria.		
MAIORES	dende os 18 anos	41,3	60,5	87,2			113,95
XUVENÍS	de 14 a 17 anos	32	51,2	77,9			104,65
INFANTÍS	de 8 a 13 anos	15,5	24,75				
COMPANÍA ASEGURADORA: SABADELL							
MODALIDADE	BÁSICA "A"	B	C	D	E	>75 anos	
ÁMBITO XEOGRÁFICO	ESPAÑA	ESPAÑA	ESPAÑA, PORTUGAL, ANDORRA, PIRINEOS FRANCESES	TODO O MUNDO (Excepto por riba dos 7000 m. ou dentro dos círculos polares)	TODO O MUNDO		
MAIORES	dende os 18 anos	44,7	70,74	117,27	532,86	40,91	
XUVENÍS	de 14 a 17 anos	35,4	58,04	84,84			
INFANTÍS	de 8 a 13 anos	13,45	23,71	60,16			
Disciplinas Aseguradas	Modalid. Básica "A":	Excursionismo, Campamentos, Marchas e Sendeirismo.					
	Modalidade B:	Excursionismo, Campamentos, Marchas e Sendeirismo.					
	Modalidade C:	Excursionismo, Campamentos, Marchas e Sendeirismo, Montañismo, Alpinismo, Escalada, Descenso de Cavorcos, Campamentos en Iglús, Carreras de Montaña, Espeleoloxía e Bici de montaña.					
	Modalidade D:	As mesmas da modalidade C, ademais de Esquí en todas as súas modalidades					
	Modalidade E:	As mesmas da modalidade D, ademais das Expedicións					
NOTA:	Os duplicados do carnet federativo, por extravío ou ampliación da cobertura, terán un custo adicional de 2 Euros.						

A IMPORTANCIADA FEDERARSE

O noso Club está adherido a catro federacións: Montañismo, Espeleoloxía, Deportes de Inverno e Actividades Subacuáticas. Un ano máis Montañeiros Celtas lembra aos seus socios ALGUNHAS vantaxes de estar federado:

- Tes seguro de accidentes, con asistencia médica e posibilidade de rescate, caso de ser preciso.
- Podes realizar cursos impartidos polas Escolas das Federacións, e mellorar os teus coñecementos e as túas técnicas da man de persoal especializado.
- Podes participar nas actividades que organicen as Federacións.
- Tes descontos nos refuxios federativos.
- Favoreces ao teu club.

LICENZAS ESPELEOLOXÍA (FGE)				
COMPANÍA: MUTUALIDAD XERAL DEPORTIVA				
MODALIDADE	Maior	Xuvenil	Infantil	
E				
Ámbito xeográfico				
BÁSICA A España	21,8	19,52	13,87	
BÁSICA B Europa e Marrocos	27,5	25,22	17,32	
BÁSICA B1 Resto Mundo	34,4	32,12	32,12	
PLUS A España	39,4	37,12	31,47	
PLUS B Europa e Marrocos	49,4	47,12	39,22	
PLUS B1 Resto Mundo	62,9	60,62	60,62	
COTA HABILITACIÓN F.E.E.	16,00	11,00	4,00	

Cobertura "Básica"
As actividades cubertas son: Espeleoloxía, Descenso de Canóns e Espeleomergullo.

Cobertura "Plus"
As actividades cubertas son: Espeleoloxía, Descenso de Canóns, Alpinismo, Canoa, Kaiak, Sendeirismo, Esquí de fondo e Snowboard.

Esquí Alpino (excluíndo c Esquí Alpino fóra de pista) camiñata con esquís ou raquetas, Escalada en rocha ou obstáculos artificiais Bicicleta de montaña todo terreo, emprego de "Vías Ferratas" e Mergullo en todas as súas formas.

Máis información www.espeleoloxia.org

Todos os/as espeleólogos/as poderán optar por calquera das coberturas e modalidades, debendo prever no momento da solicitude as posibles actividades no estranxeiro ao longo do ano, xa que aínda que é posible, o cambio de póliza sempre pode dar dificultades de xestión e algún custe adicional en concepto de gastos de reimpresión da nova licenza.

"De conformidade coa normativa de Protección de Datos Persoais, informámoslle que vostede nos autoriza a comunicar os datos que nos facilita para seren incluídos nuns ficheiros automatizados cuxa titularidade lle corresponde á Federación Española de Deportes de Montaña (FEDME) e á Federación Galega de Montañismo (FGM) coa finalidade de federarse e recibir información xeral sobre os servizos, promocións e actividades relacionadas coas mesmas. Informámoslle tamén que poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación e supresión mediante unha comunicación dirixida á FEDME(C/ Floridablanca, 84, 08015-Barcelona) e á FGE(R/ Luis Ksado, 17, Of 10, 36209

LICENCIAS MERGULLO (FEGAS)

COMPANÍA: MUTUALIDAD XERAL DEPORTIVA			
ASEGURADORA: MUTUALIDAD XERAL DEPORTIVA	Infantil 13 anos	Xuvenil 14-15 anos	maior de 16 anos
DEPORTISTAS	10	24	40
INSTRUCTORES E MONITORES	40		
ÁRBITROS E DIRECTIVOS	40		
EXTRANXEIROS	40		

Importante: As licencias desta federación, son válidas durante un ano dende a data de expedición.
- O duplicado de licencias ten un custo de 5 euros
- Máis información en www.fegas.net

LICENCIAS DEPORTES DE INVIERNO (FGDI)

45 Euros/ano, 30 Euros/10 días.
Ámbito Xeográfico MUNDIAL.
Máis información en www.fgdi.es

SENDEIRISMO

Sendeiro pola Hermida (Portugal) Novembro 2007

Suspendeuse unha travesía no Courel, e por suposto había un plan B: Sendeiro tranquilo a Portugal, levado por Miguel. Quedamos en Camélias e saímos en catro coches. Unha vez que chegamos alí o noso destino era A Hermida. A primeira parte do sendeiro non estaba moi transitada pero era fermosa, pasamos por moitos sitios que senón fora porque estamos en novembro non nos viña nada mal un bo baño. Fixemos a primeira parada nun río, e máis adiante fixemos a subida á Hermida. Custou un pouco, porque era todo subir e aínda por riba facía moita calor, pero a chegada mereceu a

pena polas vistas e ademais as uvas que estaban difíciles de coller, menos mal que tiñamos quen nolas collera. Unha vez arriba na Hermida puxémonos a comer, pero houbo a quen non lle chegou o que camiñamos que aínda subiu un pouco máis para ver unhas brañas que había máis arriba. Cando chegou a hora de volver, fomos por outro sitio non menos fermoso e Miguel, coma sempre, botándolle unha boa ollada para facer algunha outra camiñada pola zona. Ao final da ruta houbo quen aproveitou para coller unhas castañas. Por certo que veu un compañeiro de Ferrol e estamos todos tentados de ir alá, xa vos avisarei do día.
Carmen Portabales.

Sendeiros en Val de Quirós 2-3 Novembro 2007

¡ Asturias, que guapina yes ¡

Non é só un dito nin estou sendo patrioteira, podédelo probar: dádevos un garbeo polo concello de Quirós, a uns 50 km. de Oviedo. Alí compartimos a ponte de Defuntos e Santos cos nosos colegas de Peña Trevinca. Un grupiño fixo travesía e o resto quedamos no albergue de Arroso, a 1,3 km. de Barzana de Quirós. Uns cuantos aproveitaron para escalar nunha zona próxima e os outros fixemos as saídas de montaña que, resumindo datos técnicos e impresións, foron as seguintes:
Xoves 1: Dende Puerto Ventana a Pico Ferreirúa (1983 m.). Boa panorámica dos Ubiñas e dos cumios de Somiedo e un primeiro contacto coas cores de outono no bosque autóctono.

Quero ser faia dourada de moitos e longos brazos.

Venres 2: Dende a aldea de Linded a Peña Rueda (2150 m.). Alucinante val ondulante de acivros rastreiros na parte traseira dos Ubiñas. Quero ser áxil pastora e quedarme a viviralí.

Sábado 3: Subida a Pico Mayor (El Gorrión, 1334 m.). Subir e gozar dos verdes



C.F.P.

CALENDARIO DE ACTIVIDADES 2008

MES	DÍA	LUGAR	ACTIVIDADE	ORGANIZA
XANEIRO	12	Local Social	Asemblea-Cea	S.D. Espeleoloxía
	19-20	Mondoñedo	Xornadas Técnica Vertical	S.D. Espeleoloxía
	20	Pontevedra	Saída Petrogrifos	S.D. Sendeirismo
	20	Baiona	Bici de montaña pola Serra da Grova	S.D. Bici de Montaña
	26	Local Social	Xornada de encerado e mantemento de esquis	S.D. Esquí
	26-27		Curso de Esquí de Travesía	FGM-EGAM
	26-27	Manzaneda	Achegamento á neve	S.D. Infantil
	27	Portugal	Sendeiro de Gavieira	S.D. Sendeirismo
	27	Manzaneda	Xornada de iniciación ao esquí de montaña	S.D. Esquí
	27	Ría de Vigo	Inmersión submarina	S.D. Subacuáticas
	31	Local Social	Festa de Antroido	S.D. Infantil
	23/1-12/2	Chile	Saída Internacional Andes "Atacama-Ojos del Salado"	FGM

FEBREIRO	3	Portugal	Sendeiro de Castelo Aboim	S.D. Sendeirismo
	2-3		Esquí de travesía pola Cordilleira Cantábrica	S.D. Esquí - FGM
	2-3		Curso de aproximación á montaña invernal	FGM-EGAM
	2-3		Curso de Escalada en xeo	FGM-EGAM
	9		Cea anual	S. Actividades Sociais
	9-10		Curso alpinismo-iniciación	FGM-EGAM
	16-17		Curso alpinismo-iniciación	FGM-EGAM
	17	Gondomar	Bici de montaña pola Serra do Galiñeiro	S.D. Bici de Montaña
	23-24	San Isidro	Esquí alpino	S.D. Esquí
	23-24	San Isidro	Actividade de corredores no Pico Torres	S.D. Escalada - S.D. Montaña
	24	Ría de vigo	Inmersión submarina	S.D. Subacuáticas

MARZO	1-2		XXXI Campamento Galego de Espeleoloxía FGE	FGE
	2	Pontevedra	Cangas - Cela - Cangas	S.D. Sendeirismo
	8	Illas cías	Inmersión submarina	S.D. Subacuáticas
	8-9	San Glorio	Esquí de travesía pola cordilleira Cantábrica	S.D. Esquí
	8-9		Curso alpinismo-corredores	FGM-EGAM
	9	Portugal	Sendeiro de Castro Laboreiro	S.D. Sendeirismo
	13	Local Social	Campionato social de escalada	S.D. Escalada
	15-16	Ancares	Actividade de inverno	S.D. Infantil
	15-23	Marrocos	Campamento Alta Montaña "Atlas Marroquí"	FGM-EGAM
	14-23		Saída de Semana Santa	S.D. Espeleoloxía
	19-23	Navarra	Pirineo Navarro - Semana Santa	S.D. Montaña
28-30	Zamora	Arribes do Douro - C.M.Celtas. C.P.Trevinca	S.D.Montaña	

ABRIL	4	Local Social	Asemblea ordinaria	Xunta directiva
	5	A Coruña	Asemblea FGE	FGE
	6	Vigo	Bici de montaña polo sendeiro da traída de auga (iniciación)	S.D. Bici de Montaña
	6	Ourense	Marcha de Primavera - Serra do Aguillón	S.D. Montaña
	6		Campeonato social pesca submarina	S.D. Subacuáticas
	6	Pena Corneira	Escalada en bloque (boulder) en Pena Corneira	S.D. Escalada
	12	O Grove	Inmersión submarina	S.D. Subacuáticas
	12-13	Lugo	Travesía Serra do Caurel	S.D. Montaña
	19-20		XIX Campamento galego Descenso de Canóns-FGE	FGE
	19-20	Pontevedra	Campamento Rexional FGM - C.P.Trevinca	S.D. Montaña
	19-20		XLII Campamento e Marcha Galega de Montaña	FGM-C.P Trevinca M.G.
	19-20		Curso de autorrescate	FGM-EGAM
	20	Galiñeiro	Iniciación infantil á escalada no Galiñeiro	S.D. Escalada e S.D. Infantil
	27	Avión	Bici de montaña pola Serra do Suído	S.D. Bici de Montaña
27	Portugal	Sendeiro Ciudad Calcedonia	S.D. Sendeirismo	

MAIO	1-4	León	Macizo das Omañas - C.M.Celtas. C.M.Trevinca	S.D.Montaña
	8	Local Social	Presentación Operación Benxamín	S.D. Infantil
	10		VII Marcha das Greas	FGM
	10-11		Operación Benxamín	S.D. Infantil
	10-11		XII Campamento Infantil-Xuvenil espeleoloxía FGE	FGE
	10-11		Curso de orientación en montaña	FGM-EGAM
	11	Ourense	Sendeiro Carballiño - Leiro	S.D.Sendeirismo
	11	Galiñeiro	Xornada de iniciación á escalada	S.D. Escalada
	17-18		Operación Benxamín	S.D. Infantil
	17-18	León	Travesía Pajares - Oubiña	S.D.Montaña
	17-18		Curso Iniciación Escalada en Rocha	FGM-EGAM
	18	Ría de Vigo	Inmersión submarina	S.D. Subacuáticas
	25	Portugal	Sendeiro da Ermida	S.D. Sendeirismo
	25	Chandrea de Queixa	Bici de montaña pola Serra de Manzaneda	S.D. Bici de Montaña
25	Canóns do Sil	Xornada de escalada na escola do Canón do Sil	S.D. Escalada	

CALENDARIO DE ACTIVIDADES 2008

MES	DÍA	LUGAR	ACTIVIDADE	ORGANIZA
MAIO	24-25		Operación Benxamín	S.D. Infantil
	24-25		Curso Iniciación Escalada en Rocha	FGM-EGAM
	31/6-1/7		Curso de orientación con GPS	FGM-EGAM
	31/6-1/7	Ourense	Travesía Teixedal - Serra de Trevinca	S.D.Montaña

XUÑO	7	Melón	Achegamento descenso de canóns	S.D. Espeleoloxía
	8	Santa Marta	Actividade conxunta: buceo + espeleo	S.D. Subacuáticas e S.D. Espeleoloxía
	7	Pavillón das Travesas	IV Campionato de escalada de Base	FGM-C.M. Celtas
	7-8	León	Travesía Tuiza	S.D. Montaña
	13		Clausura Operación Benxamín	S.D. Infantil
	14-15		Marcha con Vivaque	FGM-C.M. Xistra
	21	Ría de Arousa	Inmersión submarina	S.D. Subacuáticas
	21-22	A Ponte	Bici de montaña por Peña Trevinca	S.D. Bici de Montaña
	21-22	Vegacervera	Actividade de escalada en Vegacervera (León)	S.D. Escalada
	21-22		XXXVII Campionato e marcha infantil-xuvenil de montaña	FGM-C.M. Artabros
	22	Vilaboa	Kaiak de mar, Vilaboa-Costa da Vela I	S.D. Subacuáticas
	22	Portugal	Marcha do Polo	S.D. Sendeirismo
28-29		XIV Descenso de Barrancos	FGM-C.M. Xistra	
28-29		Curso de escalada en vías de varios longos	FGM-EGAM	
29	Vilaboa	Kaiak de mar, Vilaboa-Costa da Vela II	S.D. Subacuáticas	

XULLO	5	Praia de barra	Buceo con tubo	S.D. Subacuáticas
	5-6	Asturias	Fontes do Inverno - Aller	S.D. Montaña
	5-6		Campamento de Verán	S.D. Infantil
	5-6		Curso de escalada en terreo desequipado	FGM-EGAM
	12-13	Rianxo	Campamento de Verán	S. Actividades Sociais e S.D. Subacuáticas
	12-13		Curso de descenso de barrancos	FGM-EGAM
	12-13		Curso de escalada en fendas	FGM-EGAM
			Proba galega de escalda en bloque	FGM-C.M. Pontevedra
	13	Pontevedra	Cerdedo	S.D. Sendeirismo
	19-20	Tui-Santiago	Bici de montaña polo camiño de Santiago (tramo Tui - Santiago)	S.D. Bici de Montaña
	26	Illa de Ons	Inmersión submarina	S.D. Subacuáticas
25-27	Asturias	Parque Natural de Redes	S.D. Montaña	

AGOSTO	1-10	Lleida	Pirineos - Valle del Boi	S.D.Montaña
	4-10	Cantabria	Campana Hornijo 2008	S.D. Espeleoloxía
	4-10	Andorra	Campamento anual da Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada	FEDME

SETEMBRO	12	Ría de Vigo	Inmersión submarina nocturna	S.D. Subacuáticas
	13-14		Curso de escalada artificial	FGM-EGAM
	14	Valença	Saída infantil de bici de montaña pola ecovia de Valença - Monçao	S.D. Bici de Montaña - S.D. Infantil
	14		XX Marcha Galega de montañeiros veteranos	FGM-C.M. Ribeira Sacra
	14	Illas Cies	Inmersión submarina	S.D. Subacuáticas
	20-21	Covas	13º Campamento infantil xuvenil social espeleoloxía	S.D. Espeleoloxía

OUTUBRO	4	Ría de Vigo	Inmersión submarina dende a praia	S.D. Subacuáticas
	4-5		Campamento de Outono	S.D. Infantil
	4-5	León	Peña Oubiña	S.D. Montaña
	12	Pontearas	Bici de montaña polo camiño da Franqueira	S.D. Bici de Montaña
	18-19		Curso de escalada en solitario	FGM-EGAM
	18-19		Curso de iniciación ás técnicas avanzadas de montañismo	FGM-EGAM
	19	Portugal	Gérés	S.D. Sendeirismo
	25-26		Campamento social de espeleoloxía	S.D. Espeleoloxía
25-26		Curso de iniciación ás técnicas avanzadas de montañismo	FGM-EGAM	

NOVEMBRO	1-2	León	Villalón	S.D. Montaña
	9	Baños - Ourense	Bici de montaña pola Serra do Xurés	S.D. Bici de Montaña
	8-9		Marcha outono	S.D. Infantil
	15		Proba galega de escalada de dificultade	FGM-S.M. Artabros
	15-16		Infantil-Baixo terra	S.D. Espeleoloxía
	16	Ourense	Marcha de outono	S.D. Montaña
23	Illas Estelas	Inmersión submarina	S.D. Subacuáticas	

DECEMBRO	6-7-8	Asturias	Quirós	S.D. Montaña
	6-8		VIII Campamento Extraterritorial de Espeleoloxía FGE	FGE
	14	Illas Cies	Inmersión submarina dobre	S.D. Subacuáticas
		Cangas	Bici de montaña pola Serra do Morrazo	S.D. Bici de Montaña
16	Local Social	Festa fin de ano	S.D. Infantil	